



A COVA FEITA CASA

seguir por alí atoparon un tesouro do que colleron todo o que puideron, saíndo rapidamente por se algo mal lles pasaba e descubrindo que esa saída estaba xusto á beira da porta pola que entraron, porta que era invisible á vista.

De volta á casa acordáronse de todas as persoas que se perderan nese bosque e decidiron volver entrar para intentar atopalas. Unha vez dentro, imaxináronse que todos seguiran pola porta da dereita, posto que era a saída mais lóxica se non es un experto en xeroglíficos e, efectivamente, atopáronos nun pozo moi fondo agardando a que alguén os liberase. Conseguiron que volvesen ás súas casas, aínda que nunca lles contaron o segredo do tesouro.

Cando chegaron á vila foron aclamados por todos e a partir de aquel día todos os anos se fai unha festa na súa honra, aínda que nunca lles contaron aos seus pais que eles chegaran ao final da cova e o que alí atoparan.

Dende aquel día, cando necesitan cartos volven alí e collen algo, pero queda o mesmo sempre porque se vai renovando misteriosamente.

Eles gardaron sempre o segredo e morreron sen que ninguén soubese do tesouro que segue escondido esperando a que outros dous aventureiros o vaian a buscar.

ANDREA VÁZQUEZ VARELA, S3B

Carme xa levaba andando un bo anaco cando descubriu aquela cova no monte; ía coa súa irmá Laura e decidiron entrar naquela cova tan misteriosa. Era pequeniña, así que non lles levou moito tempo a percorrela.

Cando remataron, sentáronse ao

fondo de todo, na parte máis estreita da cova, nuns chanzos que había de pedra. De repente, Laura tivo unha idea: - Carme, que che parecería se fixeramos, nesta cova, unha casiña para vir xogar todas as tardes?

- Encantárame, pero ti e mais eu soas non imos dar-contestou Carme.

- Pero dirémoslle aos nosos pais que nos axuden, que eu creo que tamén lles gustará participar nesta obra, xa que así poderán recordar cando eles eran nenos. - Dixo Laura emocionada.

E alá foron as dúas correndo ata chegaren á súa casa.

Cando chegaron, contáronlle aos seus pais a idea da cova, a eles pareceulle moi boa e as nenas correron ao seu cuarto a facer un plano de como ían decorar a súa cova.

Á mañá seguinte foron correndo para a cova con algún material, estiveron alí todo o día traballando e levaron a comida. Cando volveron á noite, estaban moi cansas, pero xa lles faltaba pouco para acabalo.

Unha semana máis tarde, as nenas xa tiñan a súa cova acabada, e entre os seus pais, unhas amigas que invitaron e elas, fixeron unha festa.

Agora xa teñen 16 e 17 anos e elas seguen indo alí a durmir coas amigas, a facer festas,...

ANDREA M^a VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, S1D

